

## ALGÚNS ASPECTOS DIDÁCTICOS E ORGANIZATIVOS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DE LUGO UNHA VALORACIÓN DOS SEUS EX-ALUMNOS

José Antonio Díaz Escolante\*  
Universidade de Santiago de Compostela

### Introducción

Se considerámo-la avaliación como unha actividade educativa, esta non debería de estar nunca desvencellada do proceso de formación. Nela deberíanse de recoller tódalas informacións que permitisen comprende-lo senso daquilo que se pretendía acadar e do que realmente se conseguiu, e que con toda seguridade deberían de incidir nos comportamentos, actividades, actitudes,... que con posterioridade realizarán os/as alumnos/as, profesores/as, etc. inmersos no proceso formativo; segundo **Stufflebeam** a avaliación sería *“o proceso de deliñar ou deseñar, obter e proporcionar información útil para xulgar alternativas decisorias”*.

Se temos tamén en conta que a avaliación abranguerá a tódolos participantes e elementos do proceso do ensino-aprendizaxe: alumnado, profesorado, obxectivos, contidos, metodoloxía, materiais, medios, etc.; e que no seu desenvolvemento poden intervir axentes internos ou externos do propio proceso formativo; podemos toma-la cita de **Kemmis** que nos di que *“a avaliación debe constituir un debate crítico no que teñan posibilidade de participar tódolos axentes educativos na medida das súas responsabilidades e protagonismos”*

Contando coas dúas premisas anteriores, neste artigo de investigación pedagóxica, preténdese reflectir dalgún xeito, a valoración que varios/as ex-alumnos/as da Escola de Formación do Profesorado de Lugo (a maioría deles, hoxe en día, profesionais en exercicio dentro do Sistema Educativo Galego) teñen do seu proceso formativo como “futuros docentes”.

Dicir, que este traballo de investigación foi levado a cabo a finais do curso 2002 – 2003, e nel participaron unha mostra de trinta mestres/as que tiñan realizados os seus estudos de maxisterio na provincia de Lugo entre os anos 1970 e 2001.

Para a recollida de datos, pedíuselles ós/ás mestres/as participantes que, por escrito, redactasen con plena liberdade (de orde, expresión, contidos,...) **“As lembranzas do seu paso pola escola de maxisterio”**. Esta petición realizouse de xeito individual e persoal con cada mestre/a ó/á que se lle explicou, nunha sesión duns dez minutos cal era a finalidade deste traballo, ó tempo que se lle solicitaba que a ser posible, na redacción das súas lembranzas, fíxese a máxima incidencia posible en tódolos aspectos didáctico-pedagóxicos, organizativos,... que lles tocou “vivir” nese centro educativo e que dalgún xeito lle fosen significativas tanto positivamente como negativamente na súa formación como futuro/a docente; posteriormente e nun prazo aproximado duns quince días recolléuselle ós/ás mestres/as participantes o traballo solicitado.

---

\* Dpto. de Didáctica e Organización Escolar

Unha vez levada a cabo a “recollida de datos”, para a súa análise, tódolos aspectos mencionados nos “relatos” elaborados polos participantes foron agrupados en distintas “categorías”, coa finalidade de proporcionarlles un contexto máis significativo e coherente, do que se obtiveron as distintas conclusións.

Unha vez elaborado o resumo do traballo que deu pé a este artigo, entregóuselle (tamén de xeito persoal) unha copia a cada un/unha dos/das mestres/as que participaron na investigación, e unha vez lido, o cento por cento dos participantes admitiron sentirse identificados con el, o tempo que facían a consideración (visto os aspectos tratados polos demais participantes) de que de volver a facelo faríano dun xeito total mente distinto, sobre todo incluíndo unha morea de aspectos ós que nun principio non lle deron a importancia que lle están a dar despois de reflexionar sobre o que acababan de ler.

A continuación pasamos a expo-las conclusións extraídas do traballo, que con respecto ás distintas categorías obtidas, foron as seguintes:

### Alumnado

No que ó alumnado matriculado nesta escola se refire, apréciase unha **esaxerada presenza do xénero feminino** (...un 90% dos compañeiros eran mulleres...), aspecto que non pasa desapercibido para ninguén e que dalgún xeito (segundo algún/a dos/as mestres participantes) reforza os lazos de “relación”, “colaboración”, ... por parte dos homes (...*fixo que nós, os catro únicos “clientes” habituais de clase, varóns, nos fixemos inseparables durante tres anos...*); o que nos leva a preguntar, dunha banda, se os homes están ben integrados no grupo de estudantes e doutra, que se “en tempos”, a figura do mestre estaba ligada directamente ó varón, ¿por que non se tenta **espertar** de novo a **vocación docente no xénero masculino**?

Este alumnado, por riba, aprecia que **accede á carreira docente como último recurso** (...¿*Como cheguei a maxisterio? Se nunca se me ocorrera ser mestra...*), por ser dos estudos menos demandados, para os que se esixe menos puntuación,...; e para maior desgracia, na especialidade máis insospeitada (...*a cousa foi que en Lugo non había Educación Especial, entón optei por Educación Infantil...*), o que nos leva nesta escola e posiblemente na maioría das que se imparten estudos de maxisterio, a un alumnado **considerado** (incluso por si mesmo) como **“mediocre”**, cun rendemento académico baixo e na maioría dos casos, **carente de toda vocación** e con **escasa ou nula motivación** para a tarefa á que se terá que afrontar (... *É posible que a baixa valoración que fago da carreira, e sobre todo do profesorado, sexa debido en parte a miña falta de interese naqueles anos que a outras causas...*). ¿Non haberá medios para darlle algo máis de “prestixio” ó maxisterio para facelo un pouco máis “apetecible”?

**Nota:** desexamos deixar claro, dende un principio, que a maioría dos profesionais que colaboraron neste traballo incidiron moito máis nos aspectos negativos que nos positivos (... *creo que me lembro do peor, e teño esquecido o bo da carreira...*). É de supoñer que se pensa que o importante e “cambiar” o que se considera que está mal, pois o que está ben, na maioría dos casos, con un mínimo esforzo incluso se chegaría a mellorar.

## Profesorado

### Aspectos positivos

Os/as ex-alumnos/as que participaron neste traballo valoran positivamente que “parte” do profesorado mostrase, polo menos ós seus ollos, unha **fonda “preocupación” e “interese”** por eles, **tanto no aspecto académico como persoal** (...había mestres que se preocupaban moito polos seus alumnos, incluso a nivel persoal, a min concretamente o profesor de ..... aconselloume con moito tino á hora de superar uns problemas familiares que estaban incidindo directamente e de xeito alarmante no meu rendemento académico...).

Recoñécense os casos puntuais de notoria **competencia profesional** (... esto non impedía que nunca faltase a clase, nin que fose, ó meu parecer, das persoas máis preparadas da escola...) dentro do profesorado.

### Aspectos negativos

Pola contra, son valoradas moi negativamente e por desgracia, en non poucas ocasións, as **actitudes de “prepotencia”, “chulería”,...** de certos/as “individuos/as”, que baixo a apreciación dos/as seus/súas alumnos/as adquiren calquera tipo de cualificación (...un conxunto de enfermos, alcohólicos, maníaco depresivos, prepotentes,...) excepto a de docente; chegando algún deles a aparecer “descrito” nun 83 % dos traballos de tal xeito que por “cortesía” e “bo gusto” nos privamos de reproducir de novo nestas liñas que estamos a escribir; o que si, esperamos que este pequeno “apunte”, do que aquí deixamos constancia, sirva para reflectir ese INMENSO malestar por parte do alumnado diante de actitudes tan pouco desexables.

Tamén é rexeitada, dun xeito bastante claro e rotundo, a **“incompetencia” profesional** (... tentaba explica-lo funcionamento daqueles aparatos, que moitos de nós xa coñeciamos e tiñamos traballado con eles, e observábase que non tiña nin puñetera idea, era patético, e por riba cabreábase...) que quedaba patente nalgúns docentes.

## Relacións persoais

### Interpares por parte do alumnado

Neste aspecto poderíamos dicir que a **nota predominante era o “compañeirismo”** (... teño moi bo recordo dos compañeiros, cun gran número aínda sigo tendo relación.....), **incluso entre os distintos sexos** (foron os mellores anos da miña vida, aínda que con algúns episodios bastante tristes; un deles foi a morte dunha compañeira coa que fixera boas migas, a moto foi o seu sepulcro...), o que a eses niveis proporcionaba un contexto do máis axeitado para o fomento da colaboración, participación,... (nuestra aula..., con el paso del tiempo presentaba un ambiente muy hogareño y compañerista...), aspecto que podería ser de moito proveito, sobre todo como elemento motivador, a nivel do desenvolvemento didáctico tanto no ámbito institucional como fóra del (... as ceas de fin de curso merecen un capítulo aparte...).

### Interpares por parte do profesorado

Pola contra, dende a perspectiva do alumnado, a **“relación” apreciada entre o profesorado deixa de se-la máis recomendable e aconsellable**, sobre todo pensando que desempeñan a súa

función docente nunha institución que fomenta dentro dos seus principios básicos a colaboración, a participación, a responsabilidade, ... (*...para dous que semellaban levarse ben, e que intentaban facer cousas xuntos, os demais podíámolos comparar cunha manada de lobos, que non se comían uns ós outros porque se necesitaban para a “caza”, aínda que de cando en cando algunha adentada si que se metían...*); sendo as **ideoloxías políticas** un dos maiores **detonantes dese ambiente indesexable** en calquera institución educativa que teña un mínimo de autoestima (*...ultimamente, acontecementos como a guerra de Irak, e o caso do Prestige, viñeron a crear un ambiente irrespirable na escola; a politización é absoluta...*), (*... dedicábase nas clases a poñer a parir a Fraga, á igrexa e á dereita coma opción política...*).

E o peor da consideración que se ten sobre este tipo de relación, non é que sexa só prexudicial para o profesorado, senón que coma sempre, as consecuencia adóitanas pagar os de sempre, os/as alumnos/as (*... os alumnos, como borregos, súmanse a canta manifestación se lles propón, esquecendo o labor principal que teñen que facer xunto cos profesores, formarse...*).

### **Alumnado - Profesorado**

Salvo “puntuais” excepcións como algunhas das xa mencionadas anteriormente, as **relacións entre o alumnado e o profesorado adoitan considerarse como gratificantes** e normalmente exceden ó propio ámbito académico (*...de mi paso por magisterio todavía me quedan muchos amigos entre los profesores...*), sendo o propio profesorado o que potencia e fomenta, en numerosas ocasións, ese tipo de relacións (*... iamos celebrar unha festa, a profesora de ..... viu no encerado o día e preguntou a hora e o lugar, dixo que alí estaría, e aínda que ninguén a creu, foi a primeira en chegar, o día da cea foi una compañeira máis... a seguinte clase foi coma as de sempre, parecía que todo o que pasara na cea, e o que alí se contara,... no restaurante quedara...*).

E diante deste tipo de relacións que **perduran no tempo** (*... ano tras ano non deixo de ir a maxisterio, e sempre me agrada falar un ratiño con eles...*) preguntámonos: ¿Non podería ser este o punto de “unión”, o “elemento motivador”,... para a realización de futuras actividades de formación “permanente”? (talleres, xornadas, intercambio de experiencias docentes, seminarios,... onde o profesorado poida expo-la súa experiencia, a súa problemática real, os seus intereses docentes, ...); ¿por que maxisterio deixa de se-la “casa” dos mestres no intre en que estes rematan a carreira?; ¿por que a experiencia adquirida nas aulas non reverte de novo na formación dos novos docentes?;...

## **Aspectos curriculares**

### **Aspectos positivos**

Neste senso atopámonos con que a maioría dos **contidos curriculares** traballados nos tres anos de maxisterio **eran bastante axeitados** ó que logo os futuros docentes se atopaban na aula á hora de desenvolver-la súa profesión (*... moitas veces estando na clase á hora de explicar, diante dun problema,... víñaseme a cabeza aquilo que aprendera en maxisterio e que nun principio non lle facía moito caso...*)

### Aspectos negativos

A consideración dos/as ex-alumnos/as que participaron neste traballo de investigación, é que os contidos están **excesivamente cargados de aspectos teóricos** (... *todo o que aprendín neses anos foi fundamentación teórica cara o meu traballo e aínda que coído que foi necesaria, tamén foi insuficiente, pois o que me valeu foi a experiencia que logo fun gañando día a día na aula cos alumnos...*).

Tamén consideran que estes contidos estaban distribuídos nun **gran número de materias**, o que “permitía” a dispersión, repetición,... dos mesmos (... *ó longo dos tres cursos tiven tantas asignaturas que xamais fun capaz de saberme nin a “denominación” de cada unha, eran a asignatura de fulano, a de mengano...*), propoñéndose estas, na maioría das ocasións, **non** por ser as máis **axeitadas para** satisfice-las **necesidades do alumnado**, senón para soluciona-las horas de docencia, problemáticas específicas, horarios, adecuación ás capacidades,... do profesorado (... *unha que se inventara o director da escola, .... outra para darlle horas a ...., etc..*).

A maioría destas materias tivesen o “carácter” que tivesen eran **desenvoltas segundo sempre o mesmo patrón da “teorización”** (...*nas materias que se denominaban Didáctica de..., creo que a maioría do profesorado de Maxisterio descoñecía ó significado de didáctica...*), (...*témolo que merecemos, .... a formación nunca existiu, en tres anos de carreira nunca ninguén me ensinou a facer una unidade didáctica en condicións...*).

Existe tamén a consideración de que **non se tratan moitos contidos** que se consideran **imprescindibles** para acadalo que se consideraría unha boa formación (... *a min nunca me ensinaron nada de como “levar” unha biblioteca, nin de como desenvolverme coa documentación escolar dos/as alumnos/as, nin de como levar un comedor escolar, nin de como previ-los riscos “laborais” do propio profesorado e do alumnado no centro, ...*).

### Período de Prácticas

Mención significativa e especial, por parte dos membros participantes neste traballo, foi para o “período de prácticas”, onde se aprecian opinións contradictorias dependendo do centro, condicións, titor que as coordinou,... en definitiva “cada quen fala da feira segundo lle foi nela”.

Así, dunha banda, atopamos ós que lles resultou unha **experiencia gratificante e sobre todo, moi formativa** (... *algo que sempre me hizo mucha ilusión era cuando me tocaba hacer prácticas...*), (... *aquel año de prácticas así como el siguiente, aprendí mucho de la realidad escolar...*).

Doutra, ós que non lles deixou “pegada profunda” por dicilo dalgún xeito (... *as prácticas non valen absolutamente para nada, estiven na clase como un moble, só servía para corrixi-los cadernos dos alumnos –co fin de quitarlle traballo ó titor- e para quedar vixiando nos rapaces cando o mestre se ausentaba da clase por curtos espacios de tempo, ...*).

A outros, como “a necesidade obriga”, non lles quedou máis remedio que **asumir incluso obrigas ás que non estaban comprometidos** (...*nas prácticas aprendín moito, estaba soa, non me quedaba máis remedio, o estar nun colexio privado mandáronme substituír á titular e non me quedou máis remedio que facelo...*), (... *nas prácticas traballei cun neno con serios problemas de aprendizaxe, para ó que o mestre non daba atopado tempo co fin de ofrecerlle un tratamento*

*personalizado; practicamente foi o que fixen...); ou ás que estaban desexando acceder (... tengo que mencionar la experiencia tan bonita que tive durante las prácticas en el colegio .....-privado-.....en el que durante el tiempo que estuve allí me dejaron impartir clases de inglés....) ¿quien sabe?, pero que no fondo ata se recoñece que foron pedagóxicas.*

O certo é que unha gran maioría debece por **máis tempo de prácticas** (... *as prácticas pasáronseme voando, cando me din conta xa pasaran,...*); o que lles sexan **recoñecidas** como traballo que é (... *eu non sei como é que non pagan algo como facían en tempo,...*); e dalgún xeito o poder **levar claro os obxectivos e competencias** cos que un/unha se vai a atopar (... *cando cheguei ó colexio estaba confusa, unha cousa era o que eu consideraba debería facer, outra a que o titor contaba que atopasemos, e outra moi distinta a que tiña a profesora na súa aula,...*), pois moitas veces as expectativas non coinciden coa realidade educativa dos centros, esto implicaría unha boa coordinación entre o/a alumno/a, o titor de prácticas, o titor do centro no que pensa realizalas, e en ocasións co equipo directivo do mesmo.

### Aspectos metodolóxicos

*(O tipo de ensino era académico, o profesorado quería que o alumnado reproducise o que lles ensinaban, non se paraban a escoitar, razoar, as opinións dos alumnos...), onde o material didáctico máis común, na maioría das materias, eran os apuntes elaborados con maior ou menor acerto polo mestre e en ocasións polos/as propios/as alumnos/as (...o profe de ..... dictaba apuntes e apuntes, eu pensaba, ¡Deus! ¿Cando meterei eu todo isto na cabeza?..... dicían que había que chapar todo tal cal, e chapei...).*

E aínda que en ocasións o/a mestre poñía todo da súa parte para o desenvolvemento do proceso educativo (*..una clase algo aburrida, por lo de la fonética, pero que la profesora con su tono de voz ..... y su forma de dar la materia, iba transformándola en divertida...*), noutras moitas as **leccións maxistras baseábanse na prepotencia do profesorado** (*Profesor: Vexamos, señorita ¿que faría vostede se un alumno lle leva un rato morto para a clase?; alumna: pois, posiblemente mandarlo botar fóra. Mire señorita, diante dunha resposta como esa só me queda facerlle a vostede o mesmo que vostede lle faría ó rato, ¡Bótese fóra da miña clase!*), o que **levaba** non ó aprendizaxe, senón a unha mera **“reproducción”** do que o profesor en cuestión consideraba oportuno (*...das asignaturas de ..... que eran das máis importantes, non aprendín nada ..... os alumnos asentiamos máis por medo que por convicción, faciamos, dicíamos, ... o que considerabamos que o mestre das mesmas quería oír, ver, ..., a cuestión era saca-lo aprobado e non complicarse a vida...).*

O **número de alumnos** por aula, especialidade,... é **excesivo** (*Así recuerdo un ano en plan “mogollonazo” eramos moitísimos na clase, ó mellor cento e pico, case non nos coñeciamos), (...sempre me preguntei por que forman a miles de mestres tódolos anos, cando só se precisan un puñado...)* o que implicaba, entre outras cousas, uns **horarios inadecuados** para un bo aproveitamento do tempo (*.....o horario de tarde en 2º nunha aula de cadeiras brancas, moi numerosa, ... partíame o día enteiro...);* o que xunto con outros motivos (incompatibilidade co profesor, falta de motivación, consideración de perda de tempo,...) leva a aumenta-lo absentismo no alumnado (*...en primero asistí a clase, falté muy poco, en segundo falte a un 25% de las clases y en tercer a un 40% ¿qué pintaba en clase de ..... o cuando el profesor dictaba lentamente los mismos apuntes de años anteriores?; fotocopié los de un compañero, los estudié en una tarde noche y aprobé en la primera convocatoria a la que me presento, y encima con buena nota...).*

No que ós criterios de **avaliación** se refire, **case sempre está levada a cabo a partir da memorización de contidos** por parte do alumnado (*...algún profesor quería ir de “progre”, e era o mesmo cos demais, dado que daba opción a exame escrito ou oral. Eu como alumna que fixen o exame oral teño como recordo que neste tipo de proba, segundo el distinto, o que realmente quería era unha reprodución verbal dos apuntes da clase para levar boa nota...*), (*...aprendín que nunha análise de texto non podes ser obxectivo, tes que acertar coa subxectividade do examinador, unha vez aprendido esto, en setembro non tiven problema...*); **os métodos empregados son do máis “arcaico”** (*...deixándonos escoller os exames con ou sen apuntes, aclarando que de calquera xeito xa coñecía a nota de cada quen...*); en moitos casos, os exames empregábanse erroneamente só **para darlle “valor” á asignatura** (*...o profesor de... poñía uns exames moi difíciles, pero como todos sabiamos que eran “composicións” doutros exames postos en anos anteriores íamos a unha academia onde faciamos tódolos que tiña posto noutras ocasións, e así sacabamos boas notas aínda que non soubésemos-la materia, eso si os problemas que el puxera con anterioridade; todíños de memoria!...*), e que o **traballo do mestre fose dalgún xeito recoñecido**, cando o certo é que non era así (*...el consideraba que sabía moito, e en realidade o que sabía era ..... o profesor da academia ..... que era o que realmente nos explicaba os problemas de xeito que os entendemos...*).

E dentro da asimilación de contidos, **non había criterios básicos sobre o seu dominio**, (*...sendo capaz de anular unha pregunta completa por unha letra que faltaba no nome dun autor,....., implicando isto a non superación do exame. Isto provocou en min tal terror que non me atrevín a presentarme nas dúas seguintes convocatorias; chegando nunha delas a acompañarme ata a porta de maxisterio unha amiga, e non fun capaz de entrar ó exame, co medo de esgota-las convocatorias...*).

**Tampouco existían uns criterios elementais para a valoración dos traballos** elaborados polos/as alumnos/as (*...aprobabas cun traballo estúpido copiados de calquera libro igual de estúpido...*), **nin un control dos mesmos nin da súa orixinalidade** (*... nos traballos erámo-los mellores, os mestres sempre nos felicitaban; sabiamos copiar moi ben...*); e en ocasións **premia a cantidade, e non a calidade** (*... en xuño eu entregara catro traballos, dous de eles copiados literalmente doutros, o mestre avisoume de que fose falar con el, pensei que se dera conta, pero non, era para animarme a que presentara un quinto traballo, ...*).

En ocasións o demandado **nas probas de avaliación nada tiña que ver co traballado coa materia na aula** (*... resultaba patético que o mestre de educación física basease a súa clase en dictar catro nocións, para ó final de curso, desenvolver unha táboa ximnástica nos corredores da escola...*).

Á hora de levar a cabo o proceso avaliativo, os/as alumnos/as aprecian que, **en moitos casos, os seus resultados dependen en parte das expectativas que deles teñen os mestres**, así, tempo atrás, o alumnado tiña claro que a variabilidade dos criterios de avaliación apreciábase moitísimo con determinados/as alumnos/as “predestinados/as de antemán” a obte-lo acceso directo (*...el peloteo de muchos de los que iban por el “acceso directo” resultaba evidente. Tú sacabas un cuatro y estabas suspenso, un posible acceso directo, sacaba un cuatro y como mucho estaba “no presentado”...*) e aínda agora cos/as que pretenden acceder a un segundo ciclo de psicopedagogía, psicoloxía,...; por eso, os que o sabían, podían, ou se atrevían,... aproveitaban a situación (*... aprendín que en maxisterio se queres algo tes que pedilo, fun xunto da profesora para ver se me*

*poñía sobresaínte... a outra díxome que un oito e pico non me daba para esa nota, pero cando chegaron as dúas papeletas viñan con sobresaínte...).* E en ocasións o alumnado tamén é consciente de que os seus resultados van a depender das “premonicións” dalgúns docentes (*...sempre dixó que un de nós suspendería e ó final suspendeume, de pouco valeu matarse a estudar...).*

Provocando todo este tipo de actuacións unhas situacións insostibles que nada teñen que ver cun axeitado procedemento de avaliación (*... outros profesores tiñan medo das represalias dos alumnos e lles dicían ós conserxes que non puxesen as notas no taboleiro ata media hora despois de irse eles do centro...).*

*No que se refire á integración de alumnos con N.E.E., só aparece nos apuntes dos/as alumnos/as pois á hora da verdade non se fai nada por satisfacer-las súas necesidades mínimas dos/as alumnos/as que con estas características están matriculados nesta escola (...de todo isto pode deducirse a miña dificultade a maiores, derivada dunha polio ós tres anos. Como anécdota digna de enmarcar quero dicir que fixen a carreira de Maxisterio cun certificado de subnormalidade, por aquel entón era o recoñecemento oficial que nos caracterizaba, e que rematei co número dous da miña promoción...); (...cunha parálise parcial no brazo dereito eu tiña que idearmas para poder toca-la fruta, ¡nin que non houbera outro tipo de instrumentos musicais!, bueno en realidade naquela aula de música non...).*

## Edificio

No que ó edificio que alberga á Escola de Maxisterio, as opinións do alumnado participante neste traballo deriva cara a:

### Aspectos positivos

Considérase que a localización deste edificio é bastante satisfactoria (*...a escola está nunha zona privilexiada, a un paso do centro da cidade e cunha morea de servizos ó seu redor,...*), e está bastante ben comunicada (*...para os alumnos que viñamos de fóra, dos pobos próximos a Lugo, a estación de autobuses tiñámola moi preto da escola, o que favorecía os nosos desprazamentos,...*), o que nos leva a pensar que un cambio de asentamento (tal como non hai moito se rumoreaba) non sería unha “opción” do máis atinada.

### Aspectos negativos

**Carecía de servizos mínimos para impartir-las materias curriculares**, en épocas os ximnasiais ou non existían ou estaban inservibles, carecendo dos servizos -duchas, cambiadores,...- mínimos e suficientes (*...nesta clase, estabamos sentadiñas e perfectamente aseadas, pero de ximnasia nada, que logo íamos suadas...),* tamén se botaban en falta laboratorios de ciencias, laboratorios de lingua, aulas adecuadas ás novas tecnoloxías, aulas adecuadas para a educación musical, etc. (*...as aulas normais cun material pasado de moda eran habilitadas como aulas de debuxo, aulas de música, de novas tecnoloxías, -esporadicamente- de laboratorios de ciencias, ...),* (*... a aula de música non estaba insonorizada e carecía de elementos básicos para impartir nela a materia...).*

A conclusión que sacamos de todo isto, é que este edificio conta cun **grandísimo potencial** pero está moi **mal aproveitado e conservado**, (...a calefacción non daba quentado as aulas, a iluminación é deficiente, os servicios parecen “terceiromundistas”,...), pois todo o que se fixo sobre el foron auténticos parches para salvar situacións momentáneas.

Hoxe por hoxe, aínda **presenta innumerables barreiras, atrancos,... arquitectónicos** incluso para persoas coas mínimas, ou máis “leves” minusvalías (... *empezar noutro centro implicaba tamén sopesar dificultades de todo tipo: barreiras arquitectónicas, dificultades físicas,.....*) é o peor é aínda non se aprecia o menor interese pola súa eliminación, a pesar de ser varios/as os/as alumnos/as que pasaron por este centro con este tipo de problemáticas.

## Servicios Complementarios

### Aspectos positivos

Para as últimas xeracións de alumnos/as son agradecidos os servicios prestados na institución que non teñen relevancia académica como a **Cafetería**, (... *quizás o lugar máis frecuentado polos/as alumnos/as, e non despreciado por parte do profesorado...*); tamén presenta unha boa consideración o **Servicio de Fotocopiadoras**.

## Reflexión Persoal

De todo o exposto ata agora, coido que unha tarefa ardua e difícil será “revalorizar” os estudos do Maxisterio, pois eso non está nas mans dunha persoa, entidade,... concreta, senón que terá que ser un cúmulo de esforzos por parte de toda a sociedade, dende os políticos coas súas lexislacións, ata os/as propios/as alumnos/as, que deberán de ver no/a seu/súa profesor/a a esa persoa que está aí para axudalos a darlle “rumbo” a súa vida e do que deberían de aproveitar o seu máximo potencial docente como persoal. Mais por eso non debemos deixar cae-la situación en saco roto e todos, dentro das nosas posibilidades, competencias,... debemos de aporta-lo noso “grauíño” de area para ir minguando esta problemática.

Penso tamén, que unha das tarefas máis complicadas coas que se enfrenta o ser humano, en tódolos ámbitos da súa vida, e sobre todo no laboral é a que poderíamos definir como “relacións sociais”. Coido que non é doado separa-la ideoloxía política, os criterios de valor, os sentimentos, o carácter, ... que un ten, do desenvolvemento da súa labor profesional; pero non nos poderíamos preguntar, ¿que ocorre coas nosas **habilidades sociais** unha vez inmersos no desempeño da nosa tarefa profesional?, ¿non se poden por en práctica?, ¿non se poden potenciar?, ¿non se poden adquirir?....

Con todo, pódese observar que claramente **queda unha gran porta aberta á esperanza**, pois a maioría das “problemáticas” observadas polos/as ex-alumnos/as participantes neste traballo, coido teñen unha verdadeira, sinxela, rápida,... solución; acudindo á sabedoría do noso refraneiro quedaríame co refrán que di: **“Querer é poder”**.

Pois eu, por exemplo, pregúntome: ¿que ocorrería con esa “prepotencia”, “chulería”,.... se todo o profesorado puxese en práctica o que poderíamos considerar como “principio de **EMPATÍA**”?; tamén me pregunto se cos medios, recursos,... postos na actualidade polas distintas

administracións, entidades,... para a formación do profesorado universitario, non universitario, de adultos,... ¿que ocorrería coa mal entendida “incompetencia profesional” se todos (administración, profesorado,...) puxésemos un pouquiño máis “verdadero **interese**”?; do mesmo xeito gustaríame saber se ¿é moi custoso adecua-los contidos ás verdadeiras necesidades do alumnado?; e aínda que me consta que nos últimos tempos se está a facer un esforzo na coordinación, ... das PRÁCTICAS do alumnado de maxisterio, de verdade ¿non saberemos facelo un pouco mellor?, ¿seremos incapaces de analiza-lo que se fai, neste aspecto, noutras escolas, comunidades, países,..., “asimilar” todo o que de positivo teñan esas experiencias e ser un pouco “creativos”? ...; e ¡POR DEUS! no aspecto da avaliación do alumnado, os seus criterios, etc.. non seremos capaces de **predicar co exemplo**, ¿cantos modelos, medios, recursos,... para a avaliación non coñecen os MESTRES DE MAXISTERIO?.

No que o edificio no que se asenta a escola de maxisterio se refire, e como persoa “atraída” pola construción, quedame o consolo de que alguén, algún día non moi lonxano, verá o enorme potencial que este ten, e saberá o que facer con el. A modo de anticipo, e aínda que sen ser tan esaxerado, e sendo consciente do sempre presente problema de financiamento, so hai que mirar polas fiestras da parte posterior da escola cara o que antigamente era a Escola de Empresariais, hoxe os Novos Xulgados. O que si é moito máis sangrante, dende o meu punto de vista, é que dentro das modestas reformas que se lle están facendo, non se teñan máis en conta a eliminación de barreiras arquitectónicas, a modo de exemplo podemos felicitarlos pola incorporación dun ascensor ó edificio, pero ¿e como accederán a el as persoas que empreguen cadeiras de rodas?, ¿Hai unha sinalización axeitada que os conduza a el?, e por certo, se fosen conferenciantes con actuación no salón de actos ¿como accederán ó escenario?... e aquí eu vólome a preguntar, ¿cun asesoramento un pouquiño máis sensible con este tipo de problemáticas serían tan difíciles de paliar estes atrancos?

Con todo, e a xeito de reflexión final ímonos quedar cunha frase dun/ha dos/as participantes neste traballo que coidamos pode resumir a situación dun xeito bastante coherente:

**(Se teño que resumi-los tres anos de carreira, direi que foron os mellores da miña vida, nos que aínda que no fose suficiente, si aprendín moito e dos que teño uns moi gratos recordos que dalgún xeito me fan esquecer-los malos tragos pasados. Se tivese que repeti-la faríao sen dubidalo o máis mínimo).**

Para rematar, diremos que aínda que a mostra empregada no proceso de investigación no é moi “grande”, si a consideramos o suficientemente significativa como para tela moi en conta á hora de futuras actuacións dentro da formación de novos/as docentes, dado que coido reflicten fielmente o sentir de non poucos docentes dos que nos formamos nesta Escola.

## BIBLIOGRAFÍA

- AA.VV.(1987): “*Didáctica y tecnología de la educación*”. Madrid: Anaya.  
 AREA, M. (1991b): “*Los medios, los profesores y el vitae*”. Barcelona: Sendai  
 ARNAL, J., RINCÓN, D. DEL Y LATORRE, A. (1992): “*Investigación Educativa Fundamentos y Metodología*”. Barcelona, Labor

- CASANOVA, M<sup>a</sup> A.**(1995): *“Manual de Evaluación Educativa”*. Madrid: La Muralla.
- HERNÁNDEZ SAMPIERI, R.; FERNÁNDEZ COLLADO, C.; e BAPTISTA LUCIO, P.**  
(1998): *“Metodología de la investigación”*. Mexico, McGraw Hill.
- LEON, O.G. Y MONTERO, I.** (1993): *“Diseño de investigaciones”*. Madrid: McGraw-Hill.
- ROSALES LÓPEZ, CARLOS (Dir.) et al** (1997): *“Aproximación a los temas transversales”*.  
Santiago, Tórculo.